

# TITORIA SOBRE A AULA VIRTUAL DO CENTRO


A aula virtual do centro está aloxada na web do propio centro, na primeira das lapelas da esquerda.

Esta é a dirección da web:


<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantarita/>




Ao clicar ábrese a seguinte ventá. No menú central poderás ver os distintos cursos. Clica en "Terceiro Primaria" ou "Cuarto Primaria" segundo sexa o teu caso




Ao clicar no curso que queres abrírase a seguinte ventá. No menú central aparecerían todas as asignaturas que hai neste curso, pero neste caso só hai unha, Inglés. Clica na palabra Inglés.



Ben, xa casi estás dentro porque agora é o momento de escribir o teu usuario e a túa contrasinal. Lembra que estes datos chos deu a profe (acórdade de non escribir tildes nin maiúsculas) En canto escribas estes dous datos, preme no botón "Acceso"



Estás dentro!!! Sábelo porque aparecerá o teu nome na esquina superior dereita




Ben, xa sabes todo o que tiñas que saber para entrar e traballar na aula virtual. A que é fácil?

Agora só precisas que che explique unha cousiña máis

Cada tipo de exercicio ten un icono, un dibuxo, distinto. Agora presta atención porque vén a parte máis difícil, vouche explicar cómo mandarme o teu traballo cando cho pida. Sempre que vexas o icono dunha man, é que che estou pedindo que me entregues traballo. Clica na man.




Cando clicas no debuxo da man, ábrese esta ventá




Imaxina que che pido un documento ou unha foto do teu traballo. Como xa tes o documento ou a foto gardado no teu ordenador, vas ter que buscalo onde estea, e para iso tes que premer no botón "Seleccionar archivo"


Ves? No meu caso, teño o documento que quero enviar, na carpeta "Documentos". Cando o atope, clico encima del e premo o botón "Abrir"



Cando teñas clicado no arquivo que queres enviar, e premeras o botón abrir, verás unha ventá coma esta e tamén o arqueo que subiches. No meu caso é unha foto en forma de puzzle. **OLLO!!!** Preme no botón "Gardar os cambios" para envialo.



E xa está, xa mo enviaches, ves que aparece "Entregado para cualificación" en "Estado da entrega"?




## COMO PRESENTARTE NO FORO


**OLLO!!!** Isto é o primeiro que tes que facer cando entres na aula virtual, presentarte no curso igual que o fixen eu. Así saberei que todos e todas entrastes na aula sen problema :)

Explícoche como facelo:


-Preme no icono que pon "Foro de presentación"



Na seguinte ventá verás a miña mensaxe:  
Clica no botón "Engadir novo tema"



Ao abrirse a seguinte ventá, só terás que cubrir o que estea en vermello, isto é, o tema (título) e a túa mensaxe.  
Por último e moi importante, preme o botón "Comentar no foro"



Non esquezas  
preme-lo :)

**AGORA XA ERES UN EXPERTO OU EXPERTA EN AULAS VIRTUAIS.  
BENVIDO/A Á CLASE!!! ;)**